



Resolución COMPLEMENTARIA da Resolución do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso 2024/25.

Para completar a Resolución do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocaba a participación no programa de innovación educativa "Club de Ciencia" para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25, desta Dirección Xeral

RESOLVESE

Primeiro.- Os centros participantes no "Club de Ciencia" durante o curso 2024/25 estarán integrados na rede de centros "Club de Ciencia" para o impulso deste programa, para o que recibirán apoio e reforzo tanto ao profesorado como ao alumnado.

Segundo.- A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional promoverá e proporcionará canles de comunicación e colaboración entre o profesorado participante no "Club de Ciencia" durante o curso 2024/25 a través da creación de redes de profesorado.

Terceiro.- O profesorado e os centros participantes no "Club de Ciencia" durante o curso 2024/25 comprometése a participar nas redes de colaboración de profesorado que se fomenten e creen por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como parte da estratexia de mellora das ensinanzas científicas e STEM e apoio ao profesorado implicado nas mesmas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

